

PROXECTO DE ESCOLA DE XADREZ NOS COLEXIOS EN OS CONCELLOS

2026-2027



O xadrez como ferramenta educativa

«La misión del ajedrez en las escuelas no es la erudición de sacar maestros de ajedrez. La educación mediante el ajedrez debe ser la educación de pensar por sí mismo».

Emanuel Lasker, Campeón del Mundo de 1894 a 1921.

Académica Xadrez As Burgas

CIF-G16739245

<i>Organigrama</i>
<i>Presidenta: Julia Arcos Rodriguez</i>
<i>Vicepresidente: José Rivela Rivela</i>
<i>Secretaria: Xiana García Arcos</i>
<i>Tesoureiro: Manuel Angel García Fernández</i>
<i>Director da Escola e Instructor da Fide: Manuel Angel García Fernández</i>
<i>Outros monitores: Keylin Becerra Licor</i>
<i>Anxo García Arcos</i>
<i>Nuel Vazquez Fuentes</i>

Contacto:

Web: xadrezasburgas.net

email: xadrezasburgas@gmail.com

Móvil (Wassapt): 609 70 91 84

Contenido

PRESENTACION E XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA.....	4
DESTINATARIOS DO PROXECTO.....	5
NIVEIS	6
METODOLOXÍA	6
XADREZ EN INGLÉS OU FRANCÉS.....	7
ESPAZO E GRUPOS.....	7
HORARIOS.....	7
PREZOS, FACTURACIÓN E CONVENIO	7
MATERIAL E INVERSIÓN INICIAL.....	8

PRESENTACION E XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA

O presente proxecto pretende xustificar e expor os beneficios da práctica e do ensino do xadrez en alumnos de primaria e secundaria. Unha escola de xadrez de base nun colexio ou nun espazo cedido polo concello permite sacar proveito de todas as potencialidades do xadrez como ferramenta educativa.

Os beneficios e a utilidade da aprendizaxe do xadrez no ámbito educativo foron expostos e contrastados sobradamente. Existen estudos concluintes sobre a relación entre o xadrez e a mellora do rendemento académico do alumno-xogador, sempre e cando a práctica sexa constante.

A Unión soviética foi, xa no primeiro tercio do século 20 (despois da revolución comunista), o primeiro país que introduciu a práctica regular do xadrez nas escolas porque ilustres pedagogos viran as enormes potencialidades deste xogo, arte, ciencia e deporte, á vez, o que se traduciu no dominio de xadrecistas soviéticos a nivel mundial (coa consecución de varios campionatos mundiais case ininterrumpidamente – a excepción de Bobby Fischer - ata finais do século 20).

Numerosos autores, con estudos experimentais ben contrastados, coincidiron nas grandes potencialidades do xogo ciencia, o que segue a ser fonte de observación entre os pedagogos e xadrecistas do mundo enteiro.

O xadrez é ademáis un deporte federado presente en cerca de 200 federacións nacionais en todo o mundo. Ten un clasificación internacional chamada Elo Fide que permite valorar a forza competitiva dun xadrecista (pódese ver o rating Fide en www.fide.com)

En marzo de 2012, o Parlamento Europeo adoptou o programa da Unión Europea “Xadrez na Escola”. A Declaración Escrita 50/2011 que pide a execución deste programa nas escolas dos países da Unión Europea foi asinada por 415 eurodiputados (o número necesario era de 378, é dicir, a metade máis un do total da Eurocámara). A Declaración foi enviada a Comisión Europea e ao Parlamento de cada Estado membro da U.E. A Declaración pide a Comisión e ao Consello:

- Medios para fomentar a introdución do programa de «Xadrez na escola» no sistema educativo dos Estados membros.
- Medios para garantir unha financiación abonda para dito programa a partir de 2012.
- Tomar en consideración os resultados dos estudos sobre os efectos deste programa no desenvolvemento dos nenos.

O xadrez escolar axuda ao alumno a desenvolver de forma natural habilidades tanto de tipo cognitivo como sociais, entre as que podemos destacar:

- A memoria a curto prazo e a longo prazo;
- A visión espacial da realidade;
- A concentración;
- A toma de decisións e a aceptación do erro;
- O pensamento creativo;
- O razonamiento lógico-matemático;
- A autoestima e o sentido de logro;
- A capacidade crítica;
- A constancia e a perseverancia;
- O afán de superación;
- A empatía.

DESTINATARIOS DO PROXECTO

O presente proxecto de Escola de Xadrez ten como principais destinatarios alumnos que cursan:

- Educación Primaria en todos os seus cursos e ciclos (6-12 anos).
- Educación secundaria (13-16 anos).
- Adultos maiores de 18 anos.

O presente proxecto pretende centrarse en alumnos de primaria preferentemente, idade ideal, no primeiro ciclo (6-7 anos), para empezar co xadrez. A metodoloxía e recursos que exporemos van encamiñados a desenvolver habilidades nese rango de idade, e cantos máis novos mellor para ir desenvolvendo e progresar nas habilidades que xa destacamos. Este rango non é excluinte podéndose empezar antes ou despois, mais cremos que o ideal é ese rango de idade.

A presente proxecto vai destinado tamén a adultos con niveis diferentes de xogo, que en concellos demanden aprender e practicar xadrez, incluíndose estes nun grupo intermedio a efectos prácticos. Terán un horario diferenciado e o temario dependerá no nivel medio do grupo que se forme.

OBXECTIVOS XERAIS

A través da Escola de xadrez preténdese:

-Dar a coñecer a xeometría do tableiro, o movemento das pezas e as súas regras, o seu valor, a captura, o xaque/xaques mate e afogado, así como as normas básicas do xogo nun nivel inicial.

6

-Perfeccionar as habilidades tácticas e estratéxicas nas distintas fases do xogo, na apertura, medio xogo e final, nun nivel intermedio e máis avanzado, para que o xogador vaia progresando adecuadamente no xogo de xadrez.

-Fomentar as habilidades múltiples que o xadrez ofrece, dando prioridade á capacidade do alumno para a resolución de problemas, a creatividade e a toma de decisións.

-Asentar modelos de relación entre os alumnos basados na cooperación e no respecto mutuo, a igualdade de oportunidades e a autoestima.

-Desenvolver a práctica competitiva do xadrez por medio de torneos e actividades diversas dentro das normas da FIDE (Federación Internacional de Xadrez)

-Axudar ao desenvolvemento integral do alumno ao mesmo tempo que se beneficia do resultado académico.

NIVEIS

É convinte separar os alumnos por niveis de xogo cando menos diferenciando un nivel iniciación (para aqueles que NON coñecen o xadrez) e aqueles que xa teñen idea de táctica e estratexia (nivel intermedio).

En canto a idades non convén que haxa moita diferenza, distinguir, de ser posible, dous rangos de 6-9 anos e 9-12 anos, e na secundaria distinguir tamén outros dous rangos 12-14 anos e 14-16 anos.

A grande diferenza de idade e nivel sobre todo, dificulta a boa práctica do xadrez, así como a organización da clase por parte do monitor. De non poder ser, a distinción dos grupos farase por nivel de xogo:

INICIACIÓN: o alumno non sabe xogar ou apenas sabe mover as pezas correctamente e ignora os conceptos básicos da táctica e da estratexia. (sen ELO)

INTERMEDIO: o alumno xa move correctamente as pezas sen cometer infraccións e é coñecedor dos conceptos básicos da táctica e ten nocións de aperturas. É coñecedor dos finais básicos. (entre 1400 e 1600 ELO)

AVANZADO: o alumnos desenvólvese ben tácticamente e ten coñecemento de ideas de varias aperturas e sabe levar a cabo unha estratexia concreta, así como é coñecedor dos finais típicos que lle permite desenvolverse adecuadamente en todas as fases do xogo. (entre 1600 e 2000 ELO)

METODOLOXÍA

Impartiranse sesións por monitores federados cunha duración de 1 h / 1 h 15 por semana para cada grupo de alumnos/as.

A estrutura didáctica da sesión respetará, sempre que a homoxeneidade do grupo o permita, o seguinte reparto de tempo:

- Explicación teórica (50%) con exercicios prácticos sobre os conceptos programados.

- Práctica diante do tableiro (50%).

O xadrez é un xogo e un deporte. Neste sentido procurarase poñer de manifesto estes dous aspectos, é dicir, que os alumnos se divirtan ao mesmo tempo que aprendan coa práctica os conceptos combinativos e estratéxicos. Utilizarase así video proyector, ou tableiro xegante, fotocopias para a resolución de exercicios, tableiros e pezas de xadrez, reloxios e outros recursos (videos, software, libros...) que favorezan a aprendizaxe.

XADREZ EN INGLÉS OU FRANCÉS

Sendo o xadrez un xogo e un deporte que non supón a explicación de concepto complexos, eminentemente práctica, é unha actividade ideal para ser impartida nun idioma estranxeiro como o inglés ou o francés, ademais evidentemente do idioma materno galego ou español.

O club dispón de monitores que dominan o inglés, incluso o francés, e fomenta polo tanto o uso do inglés (é a demanda máis habitual) nas clases de xadrez.

ESPAZO E GRUPOS

Será convinte ter un espazo para o xadrez, unha aula con mesas e sillas. Non é absolutamente necesario que sexa de dedicación exclusiva para o xadrez, poderá ser compartido con outras aulas de actividades lúdicas.

O espazo ha de ser luminoso e ventilado no que poidan caber un grupo de 10 alumnos ou mais, sendo este o número ideal para as clases. Os grupos poderán empezar cun mínimo de 4 (sendo posible excepcionalmente menor ou maior).

HORARIOS

Propoñemos sesións de 1 h /1 h e 15 m por semana ao mes. En caso de ser dúas sesións, a segunda podería presencial ou virtual.

Nos colexios, poderá ser en horarios de extraescolar. Por exemplo, de ser xornada partida, podería ser a primeira hora das mañás, antes das clases, ou a medio día entre a 13 h e as 15 h 30, antes da sesión da tarde, e finalmente ao acabar as clases (sendo este último o menos aconsellable para a práctica do xadrez).

Nos concellos, o momento ideal é a tarde, cando os alumnos xa acabaron os deberes, por exemplo a partir das 18 h da tarde.

PREZOS, FACTURACIÓN E CONVENIO

Os prezos que se propoñen a continuación son para grupos ideais de 10 alumnos por niveis:

Nivel iniciación:.	150 E / 1 vez por semana ao mes.	15 E por alumno (sexa cal sexa o número)
Nivel Intermedio:	200 E / 1 vez por semana ao mes.	20 E por alumno (sexa cal sexa o número).

8

Para os centros, ou concellos que estean alexados mási de 10 km de Ourense, haberá que contemplar que o centro ou o Concello pague o desprazamento (tantos km x 0,25 euros por cada viaxe).

Estos prezos poderán ser consensuados entre o club e o Centro ou Concello.

Para o cobro, cremos que o mellor é que o Concello ou Centro cobre directamente ao alumno. Logo do que, o club poderá establecer unha facturación mensual segundo as horas e o número de alumnos para pagarlle ó monitor. O monitor pode cobrar directamente ao alumnado (sendo esta unha práctica menos aconsellable).

Para o desenvolvemento da presente actividade, o club pretende, preferentemente, establecer todas as condicións, horarios, prezos e outros extremos acordados nun **convenio** entre o Club Xadrez As Burgas e o centro ou Concello no que se impartirá a docencia.

MATERIAL E INVERSIÓN INICIAL

O material dependerá da demanda de alumnos e da acollida do proxecto. O club porá a disposición dos monitores o material necesario en forma de tableiros, pezas e outros recursos.

O monitor, ben poderá levar un proxector portátil co seu ordenador, para a explicación de conceptos, ben fotocopias diversas para prácticas.

Nunha secunda fase, o centro ou concello poderá facer unha pequena inversión. Como referencia para 10 alumnos, o que sería un grupo ideal, necesitaríase:

5 tableiros de plástico ríxido de 45×45 cm y 5 xogo de pezas de plástico plumadas modelo Staunton 5/6. O prezo aproximado é de 150 E (contemplando oferta especial para colexios e clubs).

5 reloxios dixitais, modelo gardé ou DGT 1002 por valor duns 125 E.

Outros recursos: libretas, folios, bolígrafos poderán ser aportados por os alumnos.